

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6

SESION EXTRAORDINARIA DO 21 DE MARZO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as doce horas e nove minutos do día vinte e un de marzo do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Velooso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa

antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral accidental, don Benjamín Suárez Sánchez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

1.- (73).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 1264/103 (169/1101)

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesións do 17 de marzo, acordou propoñer ao Pleno da Corporación a concesión da Medalla da Cidade 2011 á Federación de Comerciantes de Vigo.

O xefe de Relacións Públicas e Protocolo, con data 17 de marzo de 2011, informa do que segue:

“O RD 2568/86 que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, faculta a estas para establecer e acordar a creación de honores, distincións ou condecoracións (arts. 189 a 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

O Regulamento de honores e distincións aprobado por este Concello na súa sesión do 29 de setembro de 1981, establece como distinción (art. 7º) a Medalla da Cidade que se poderá propoñer (art. 3º) por moción da Alcaldía ou grupo político, por petición popular ou por petición dun número de concelleiros igual á maioría absoluta.

A Excma. Corporación propón á FECOVI (Federación Comerciantes de Vigo) para a concesión da Medalla da Cidade.

Esta institución dende a súa fundación no 2002 agrupa ás catro principais zonas comerciais da cidade: Bouzas, Calvario, Teis e Travesas e traballa con toda ilusión por e para o comercio acadando acadar importantes transformacións.”

Polo anteriormente exposto, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Procedemos co Pleno extraordinario, convocado por orde do día que obra en poder das señoras e señores concelleiros, para o nomeamento de Vigueses Distinguidos. Existe unha proposta remitida aos grupos e, habitualmente e seguindo unha norma establecida, en primeiro lugar sería a concesión da Medalla da Cidade que se propón que se conceda á Asociación de Comerciantes de Vigo.

O segundo punto sería o nomeamento de Vigueses Distinguidos que polo mecanismo habitual propónse que se designen á Asociación de Directores e Directoras de Colexios Públicos de Vigo, Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública, Fundación Banco de Alimentos, don Cipriano L. Jiménez Casas, Club Maniotas e Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, a máis dun sétimo nomeamento ao Grupo da Banda de Música de Valladares.

Habitualmente faciámolo por asentimento.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito:

ACÓRDASE:

Conceder a Medalla da Cidade, Reconquista 2011, á FECOVI (Federación Comerciantes de Vigo) en consideración á súa dedicación, traxectoria profesional e experiencia demostrada nestes anos ó servizo á cidadanía de Vigo".

2.- (74).- NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 1265/103
(170/1101)

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión do 17 de marzo de 2011, coa ausencia do Grupo municipal do Partido Popular, acorda propoñer ó Pleno da Corporación para o seu nomeamento como Vigueses Distinguidos no ano 2011 ás seguintes persoas ou colectivos:

Polo Grupo municipal Socialista:

- Asociación de Directores de colexios públicos de Vigo.

- Plataforma pola defensa da sanidade pública

Polo Grupo municipal do BNG:

- Fundación Banco de Alimentos de Vigo.
- D. Cipriano Luis Jiménez Casas

Polos grupos municipais conxuntamente:

- Unión Musical de Valladares.

Por escrito de data 18 de marzo, o Grupo municipal do Partido Popular comunica que a súa proposta para nomeamento de Vigueses Distinguidos é a seguinte:

- Agrupación de Centros Deportivos e Culturais
- Club Maniotas.

O xefe de Relacións Públicas e Protocolo, con data 18 de marzo de 2011, informa do que segue:

O RD 2568/86, que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións (arts. 189 a 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

En aplicación do artigo 5º.3 do Regulamento de honras e distincións, aprobado por acordo plenario do 29 de setembro 1981, a Comisión de Goberno do 14 de marzo de 1988, aprobou a institucionalización do nomeamento de "Vigués Distinguido", para galardoar á "persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ó longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares e mesmo nalgúns casos persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría".

A facultade do nomeamento corresponde ao Pleno da Corporación, recollendo as propostas formuladas polos grupos políticos municipais."

A proposta do presente ano 2011, segundo notas bibliográficas no expediente é a seguinte:

AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI

Esta institución desenvolve un labor encamiñado a difundir a cultura a toda a cidadanía viguesa, entendendo cultura como toda aquela expresión que enriquece o patrimonio do coñecemento das persoas como individuos ou como asociacións. Fúndase o 7 de marzo de 1995, por iniciativa de varios centros culturais da cidade e por unha serie de inquietudes e peculiaridades comúns a todos os centros culturais e asociacións culturais independentes.

Os seus fins son o de representar ante os organismos competentes a todas as asociacións federadas, acadar as axudas necesarias para que cada entidade

federada leve a cabo os seus fins, organizar actividades, actos, que teñan unha ampla demanda social, propoñer e subscribir acordos e convenios beneficiosos para a agrupación e os seu federados e levar a cabo un circuito de actuacións financiado por lo Concello onde dar saída ós milleiros de mozos que todos os días traballan en ensaios, etc.

Actualmente está composta por 20 entidades da cidade de Vigo, tanto centros culturais, lúdicos, deportivos e asociacións independentes, que realizan actividades de formación, culturais, deportivas e de colaboración con outras federacións: como o Certame de Rondallas do Concello de Vigo dende o ano 2006 ata o ano 2009, a Batalla de flores do Concello de Vigo dende o ano 2005 ata o ano 2008, o Entroido do Concello de Vigo e a Cabalgata de Reis do Concello de Vigo dende o ano 1996.

ASOCIACIÓN DIRECTORES COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO

Dende febreiro de 1979 os directores dos colexios premían ao Concello nas medidas de protección dos centros pola noite e para organizar o festival das Letras Galegas e entre os seus fins están crear a Xunta provincial de Directores de EXB, elaborar o regulamento de réxime interno para todos os centros, mapa escolar de Vigo, transporte escolar, desvincular estas reunións dos inspectores para rexerse os representantes elixidos por votación.

A partir de entón funciona de modo assembleario ata o ano 2008 que se constituía a actual asociación ADICOPUVI co obxectivo de representar aos directores de Vigo ante os organismos de administración que lles correspondan: Consellería de Educación, Concello de Vigo, etc. Tamén tratan temas referente ao desempeño da dirección dos centros para tomar solucións en común, fan cursos de formación, reparten información, etc.

CLUB MANIOTAS

MANIOTAS é un Club de ximnasia rítmica situado na cidade de VIGO e fundado no ano 1986 por Marga Cachaza (profesora de INEF e adestradora nacional), que nese ano comezou un proxecto deportivo de onde saen todas a nosas ximnastas, cunha canteira que hoxe en día suman máis de 500. Dispoñen dunha gran escola de adestradoras, ex-ximnastas de competición, formando un equipo de traballo en constante evolución.

Nestes 25 anos lograron moitos éxitos deportivos tanto en ximnasia rítmica como na ximnasia estética

Maniotas, que en castelán significa "*Agujetas*" é o nome dunha gran familia que segue compartido os valores que inculca o deporte.

Esta institución reestrutúrase e redefínese a través de convenios escolares cos centros cos que traballa, aproveitando a calidade formativa de todo o seu equipo.

FUNDACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO

Aínda que comezaron en USA no ano 1964, o primeiro europeo ábrese en París en

1984, en España en 1987 e en Barcelona en 1993, logo en Madrid e así en todo o país, constituíndose en 1997, xunto con esta fundación de 32 bancos de alimentos existentes entón en España, a Federación Española de Bancos de Alimentos, que dende entón é membro da Europea con sede en París.

En España existe un en cada provincia que atende, de modo autónomo, as necesidades dos seu cidadáns. O Banco de Alimentos de Vigo creouse en xaneiro de 1995 para a provincia de Pontevedra, aínda que as súas actividades non comezaron ata xuño do mesmo ano, en que se atenderon 25 centros e asociacións, repartindo 35 toneladas de alimentos, mediante colectas ("*OPERACIÓNS QUILO*"), que se realizan en medianas e grandes superficies, como os hipermercados, supermercados, etc., labor que fan voluntarios recollendo alimentos que entregan as persoas que acoden a estes centros. Estes voluntarios poñen ó servizo do banco a súa formación profesional e súa experiencia para que funcione coma unha empresa encargándose dos distintos departamentos: dirección, administración, xestión de recursos, aprovisionamento, control, almacenaxe, distribución e transporte. Tamén axudan persoas en activo que aportan parte do seu tempo libre.

É unha institución sen ánimo de lucro que busca alimentos gratuítos que poden non ser comerciábeis pero si aptos para o consumo; (os próximos á súa data de caducidade, excedentes de produción, con defectos de etiquetado ou de presentación, etc.) co fin dos achegar ás persoas necesitadas, almacénaos, clasifícaos e logo distribúe a CENTROS ASISTENCIAIS, asinando un acordo co banco. Estes centros son tanto oficiais como privados, relixiosos ou laicos, católicos ou protestantes, é dicir, calquera, con tal que atenda dignamente ós necesitados da cidade ou provincia e, aínda que non se entregan alimentos a particulares, nin ó terceiro mundo, en casos excepcionais de catástrofes, envíanse alimentos a calquera punto de España, dende o lugar máis próximo á desgracia.

D. CIPRIANO LUÍS JIMÉNEZ CASAS

Nado en Pontevedra o 5 de febreiro de 1941, licenciado con grao en Medicina e Cirurxía en 1966, pola Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en Psiquiatría na Universidade de Madrid, Lausanne e Geneve.

Médico-Psiquiatra no Hospital Psiquiátrico Leganés (Madrid). Médico-Psiquiatra nos Hospitais d'Yverdon (Vaud-Suíza), Bel-Air (Xenebra). Psicanalista didacta e vocal da Asociación de Psicoterapia Psicanalítica Española.

Sendo director do Centro de Educación Especial "MENELA" (Vigo) fórmase unha orquestra integrada por seis mozos autistas con outros catro que non o eran. Foi tamén presidente e fundador de AGATAPI (Asoc. Galega de Terapeutas de Autismo) e vicepresidente de Autismo Galicia (Federación galega de Autismo), así como presidente da Fundación ECUMENE, vocal da Fundación Bibliófilos Galegos (Pontevedra), membro fundador e vocal da Fundación SÁLVORA (Vigo), conselleiro de Autismo-España (Federación Española de Autismo), fundador da Biblioteca de Estudos Freudianos "Óscar Masotta" de Vigo e ex-vicepresidente de FADEP (Federación Pro-deficientes Pontevedra).

Actualmente é presidente da Federación "Autismo Galicia", unha organización que

loita por facer visibles a persoas con trastornos do espectro do autismo.

Posúe varias obras realizadas sobre o autismo, a infancia, etc.

Outros datos de interese: Director dos proxectos Europeos Horizón III. Secretario da Fundación Menela, promotora e titular de Castro Navás.

PLATAFORMA POLA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA

Asociación de carácter reivindicativo caracterizada polo seu posicionamento contrario á desmantelamento da sanidade pública.

UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES

A Banda de Música Unión Musical de Valladares fundouna no ano 1902 un grupo de afeccionados que pouco a pouco a foron impulsando e renovando, non deixando que en ningún momento desaparecera.

A súa actividade socio-cultural xira en torno ó Centro Veciñal e Cultural de Valladares, no que están situadas todas as actividades culturais, deportivas e veciñais da parroquia, aínda que algunhas delas con propia autonomía, caso é o da Banda de Música Unión Musical de Valladares, por ser a entidade máis antiga.

A súa actividade principal sempre se centrou na participación en festas e romarías típicas na comunidade galega durante o verán, o que provocaba certo abandono durante os invernos, cambios de director, etc.

Dende aquela, a banda consolidouse pouco a pouco, crecendo o seu número de integrantes, crecendo o alumnado da escola de música, mesmo se chegou ter en Valladares unha filial do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

A Escola de Música de Valladares, surte con un amplo número de alumnos aos Conservatorios de Vigo, nos graos Elemental, Medio e Superior.

Unión Musical de Valladares conta entre os seus compoñentes, con músicos profesionais procedentes da súa Escola de Música, directores noutras bandas populares, bandas municipais desta comunidade, mestres de música en institutos e colexios, mestres no Conservatorio Superior de Música de Vigo, músicos en bandas profesionais, contando para o presente curso con máis de cen alumnos.

Esta agrupación conta xa con cinco edicións discográficas en CD e casete dos que se venderon máis de 20.000 copias.”

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: O noso grupo vai pedir a votación individualizada de cada un dos propostos. Xa hai antecedentes e pediámolo en aras de poder votar libremente a cada un deles loxicamente baixo a nosa consideración e o noso posicionamento de grupo.

A PRESIDENCIA: Utilizamos entón ó procedemento de votación separada tendo en conta ademais que neste mandato e dende que eu son alcalde sempre utilizamos a norma de que non houbera ningún veto. Os nomeamentos facíanse dende a opción de que non houbera nunca veto. En todo caso a democracia funciona e procedemos á votación.

A petición do voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, procésese á votación individualizada dos nomeados como Vigueses Distinguidos.

VOTACIÓN DO NOMEAMENTO DA ASOCIACIÓN DE DIRECTORES DOS COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear Viguesa Distinguida, Reconquista 2011, á Asociación de Directores dos Colexios públicos de Vigo.

VOTACIÓN DO NOMEAMENTO DA PLATAFORMA POLA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Nomear Viguesa Distinguida, Reconquista 2011, á Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública.

VOTACIÓN DO NOMEAMENTO DA FUNDACIÓN BANCO DE ALIMENTOS: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de

dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear Viguesa Distinguida, Reconquista 2011, á Fundación Banco de Alimentos.

VOTACIÓN DO NOMEAMENTO DE D. CIPRIANO L. JIMÉNEZ CASAS: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear Vigués Distinguido, Reconquista 2011, D. Cipriano Luís Jiménez Casas.

VOTACIÓN DO NOMEAMENTO DO CLUB MANIOTAS: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear Vigués Distinguido, Reconquista 2011, ao Club Maniotas.

VOTACIÓN DO NOMEAMENTO DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear Viguesa Distinguida, Reconquista 2011, á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais.

VOTACIÓN DO NOMEAMENTO DA UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear Viguesa Distinguida, Reconquista 2011, á Unión Musical de Valladares.

Explicación de voto do voceiro do Grupo do BNG, Sr. Domínguez Olveira:

En primeiro lugar e no nome do grupo municipal do BNG quería felicitar a todos e a todas as persoas que foron nomeadas como Vigueses Distinguidos e por suposto á Federación de Comercio Vigués por esa Medalla da Cidade.

Tamén dicir que neste mandato e dende que decidimos os tres grupos municipais reducir o número de nomeamentos, atribuísenos sempre a cada formación política a potestade de nomear ou de propoñer a dúas persoas ou entidades. Nunca nesta nova fórmula e ata o día de hoxe, ningún dos grupos municipais vetou ou votou en contra ningunha das propostas que se fixeron e por iso votamos a favor de todas e cada unha, mesmo votamos a favor dos que propoñía o Partido Popular porque me parece que é bastante lamentable que unha proposta de homes e mulleres que están a defender a sanidade pública non saia aprobada por unanimidade. Paréceme un feito realmente lamentable e por iso o BNG votará sempre en consenso como sempre se fixo ata o de agora.

SR. LÓPEZ FONT: Só insistir na exposición que se fixo anteriormente. Coido que acadáramos un amplo consenso nos tres últimos anos e como Grupo Municipal Socialista sempre aceptamos as propostas que se realizaron por parte dos outros grupos e xa dixemos que coidamos que é unha rotura de consenso, unha actitude por parte do Partido Popular inxustificable que as propostas de outros partidos non se acepten.

Como Grupo municipal Socialista nós aceptamos as propostas que sempre se fixeron polos outros grupos, non cremos nos vetos e cremos que este sistema que instauramos dende o primeiro ano é o aconsellable para que todos aqueles que fosen nomeados ou designados tanto Vigueses Distinguidos como Medalla da Cidade tivesen o apoio de toda a Corporación.

Nótase claramente que tamén nestes galardóns o Partido Popular fai política. Nós defendemos o traballo que se está a facer dende a Plataforma pola sanidade pública, é evidente que están a realizar un traballo encomiable en defensa de algo que o Partido Popular quere usurpar a esta cidade e cremos que o Partido Popular deu un paso moi negativo na rotura de consensos. Logo si hai grandes palabras, grandes procuras de acordos pero se comproba que cando chega a hora da verdade o único que rompe o consenso é o Partido Popular.

SR. FIGUEROA VILA: En primeiro lugar felicitar tanto á Medalla da Cidade coma ós Vigueses Distinguidos excepto á Plataforma pola defensa da sanidade pública porque cando nun texto dun informe técnico os méritos da Plataforma son:

Asociación de carácter reivindicativo caracterizada polo seu posicionamento contrario ao desmantelamento da sanidade pública”. Unha liña e media para uns Vigueses Distinguidos.

Consideramos que neste caso o grupo de goberno está politizando un acto que debería ser de consenso, de exaltación da festa de Vigo, de todos os vigueses e viguesas sen utilizar dun xeito partidista a un colectivo. É triste dicilo pero durante os catro anos do bipartito BNG-Partido Socialista este colectivo non apareceu absolutamente por ningún lado. Moitos dos seus membros eran traballadores, asesores da Consellería de Sanidade do bipartito e agora vostedes o que tentan con este nomeamento é buscar unha confrontación co Partido Popular cando saben todos vostedes que non hai desmantelamento da sanidade pública. O hospital de Vigo vai ser público integramente ao cen por cen.

O único que vostedes buscan é a confrontación co Partido Popular. Seguramente esta Plataforma debería estar moi preocupada polo tema do catálogo dos xenéricos, fronte ós intereses da industria farmacéutica. Aí si que non se pronunciaron nin falan absolutamente nada.

Consideramos que nun acto de exaltación da festa de Vigo, onde hai que buscar o máximo consenso posible, esta plataforma é reivindicativa, partidista e única e exclusivamente está contra un partido que neste caso é o Partido Popular porque cando goberna o bipartito non se pronuncian nin fan absolutamente ningún comentario. Ese é o sectarismo que vostedes levan a cabo.

Sr. Alcalde, sentímolo moito, non nos gustaría que este fose o foro do debate. A esa plataforma noutros foros podemos respectala como non podería ser doutro xeito, pero coido que os Vigueses Distinguidos é a exaltación da festa de Vigo e é buscar o máximo consenso posible e non o sectarismo dun contra outros. Sentimos que con esta decisión vostede busca a confrontación con este grupo e nós si que lle dicimos á cidadanía que a Plataforma pola defensa da sanidade pública non está cumprindo cos seus obxectivos senón que está tentando buscar un enfrontamento co Partido Popular.

A PRESIDENCIA: Gracias Sr. Figueroa, nós estamos encantados de que a Plataforma pola defensa da sanidade pública sexa Vigués Distinguido.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña..